

## COMO VAI A SER A OPOSICIÓN?

*Oposicións segundo o Real Decreto 276/2007 de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes*

### OPOSICIÓN



#### PARTE A: Proba práctica

Cualifícase de 0 a 10 puntos.

#### 1ª PROBA (Eliminatoria)



#### PARTE B: Desenvolvemento por escrito dun tema

escollido pola persoa aspirante de entre un número variable de temas extraídos ao chou polo tribunal:

- Especialidades con 25 temas ou menos: 2 temas.
- Especialidades con entre 26 e 50 temas: 3 temas.
- Especialidades con máis de 50 temas: 4 temas.

Cualifícase de 0 a 10 puntos.



#### PARTE A: Presentación e defensa dunha programación didáctica

Cualifícase de 0 a 10 puntos.

#### 2ª PROBA (Eliminatoria)



#### PARTE B: Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica

Cualifícase de 0 a 10 puntos.

**NOTA DA FASE DE OPOSICIÓN:** Media aritmética das puntuacións nas dúas probas, sendo necesario obter un 5 para pasar á seguinte fase

### CONCURSO



O tribunal avaliará os méritos da persoa aspirante segundo o baremo recollido na convocatoria.

A puntuación máxima no concurso é de **10 puntos**: 5 puntos máximo por experiencia docente, 5 por formación académica e 2 por outros méritos.

**NOTA DO CONCURSO - OPOSICIÓN:** O tribunal calculará a nota final das aspirantes ponderando 2/3 a fase de oposición e 1/3 a fase de concurso. Pasa á última fase, a de prácticas, quen teña un número de orde igual ou menor que o número total de prazas asignadas ao tribunal